
SISTEMAS DE ECUACIONES LINEAIS

1. Dada a ecuación $2x - y = 3$, escribe en cada apartado outra ecuación distinta de tal xeito que o sistema con ambas sexa:

- a) Incompatible.
- b) Compatible indeterminado.
- c) Incompatible.

2. Sen aplicar ningún dos métodos de resolución, clasifica RAZOADAMENTE estes sistemas.

$$\begin{cases} 5x - 4y = -3 \\ 8x - 10y = -6 \end{cases}$$

$$\begin{cases} 5x - 4y = -3 \\ -15x + 12y = 9 \end{cases}$$

$$\begin{cases} 5x - 4y = -3 \\ 7'5x - 6y = 0 \end{cases}$$

3. Accede ao xerador aleatorio de sistemas que podes atopar [aquí](#). Resolve dous sistemas xerados aleatoriamente mediante o método de Gauss, e clasifícaos segundo o número de solucións.

Nota: debido ao azar, tes que escribir cal é o sistema que resolves, doutro xeito non cho podo corrixir.

4. Resolve estes sistemas empregando o método de Gauss, e clasifícaos segundo o número de solucións.:

$$\begin{cases} x - y + 3z = 4 \\ 2x - y - z = 6 \\ 3x - 2y + 2z = 10 \end{cases}$$

$$\begin{cases} 4x + 4y + 4z = -3 \\ x + 2y + 3z = 5 \\ -3x - 2y - z = 7 \end{cases}$$

5. Nunha residencia de estudantes compran semanalmente 110 xeados de distintos sabores: fresa, chocolate e limón. O orzamento destinado para esta compra é de 540 xeados e o prezo de cada un é de 4 euros o de fresa, 5 euros o de chocolate e 6 euros o de limón. Habitualmente, entre chocolate e limón compran un 20% máis que de fresa. Formula e resolve un sistema de ecuacións para calcular cantos xeados de cada sabor compran á semana.